

CONCURSO RUNAS 2026

FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Ortigueira, a través do *Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira*, convoca o concurso musical denominado “RUNAS” destinado á promoción de novos valores da música celta e folk.

1 - PARTICIPANTES

Poderán tomar parte no concurso as formacións cuxo repertorio aborde a música tradicional dos países de orixe celta, en sintonía coa música habitual que se programa no Festival de Ortigueira, calquera que sexa a súa procedencia. Os 3 finalistas do concurso de 2026 serán seleccionados a través da votación online e do xurado, e actuarán no Festival do ano 2026.

Da actuación dos 3 finalistas do Concurso Runas 2026, sairá o gañador que actuará no ano 2027 no escenario principal do Festival de Ortigueira.

Neste ano 2026, e como unha experiencia nova, grazas á colaboración existente co Ayuntamiento de Cortegana (Huelva) os/as gañadores do Runas poderán actuar este mesmo ano no Festival Internacional Serra Celta do 2026 no marco das Xornadas Medievais do Ayuntamiento de Cortegana (Huelva).

2 - REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- a) Os grupos musicais estarán formados por un mínimo de 2 e por un máximo de 10 compoñentes. No caso de superar este número, deberán solicitar a autorización da organización exclusivamente por razóns técnicas.
- b) Contarán cun repertorio mínimo de 40 minutos.
- c) Non poderán participar bandas ou formacións que se tiveran clasificado entre os tres finalistas na edición anterior (Runas 2025).
- d) Os/As participantes comprometeranse a ceder os dereitos artísticos e musicais ao Concello de Ortigueira, no caso de ter un contrato con algunha empresa discográfica ou musical, para poder desenvolver a súa participación.

3 - DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

A.- Archivos dixitais de 4 temas musicais, dos cales polo menos 3, serán de creación propia, en formato MP3, 64 ou 128 Kbps preferentemente, e cun tamaño máximo de 10 Mb por tema, cunha duración comprendida entre 1 e 6 minutos por tema.

Eses arquivos deberán estar correctamente identificados da seguinte forma:

NOME DO GRUPO - NOME DO TEMA.mp3

Admitirase un tema tradicional, que en todo caso deberá estar identificado na súa autoría.

B.- Dossier informativo do grupo



O dossier de información debe incluír unha historia do grupo e dos seus membros, así como fotografías que permitan a súa identificación. No dossier non deben figurar datos protexidos. Tamén será necesario sinalar os instrumentos que tocan na formación.

C.- Relación de temas musicais e os seus autores. Se se presentan temas tradicionais tamén deberá indicarse. (ANEXO 2).

D.- Solicitude de participación cuberta (ANEXO 1).

E.- Datos económicos: certificación bancaria do número de conta para realizar as transferencias que procedan.

F.- Fotocopias do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte de cada un dos compoñentes.

4 - DATAS E ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN

O material para participar deberá enviarse desde a publicación das presentes bases na páxina web do festival (www.festivaldeortigueira.com) e **ata as 23:59 horas do domingo 26 de abril de 2026**, dalgunha das seguintes formas:

- **A través da sede electrónica** do Concello de Ortigueira no enderezo <https://ortigueira.sedelectronica.es>. Para iso é necesario que a presentación se realice mediante unha persoa física ou xurídica que dispoña de firma dixital ou similar.
- **Por email** ao seguinte enderezo de correo electrónico: runas@festivaldeortigueira.com.

Se por calquera motivo esa conta non estivese operativa, poderase enviar alternativamente a info.festival@concellodeortigueira.com

En ámbolos dous casos haberá que enviar todos os documentos solicitados debidamente cubertos.

No caso de arquivos de grande tamaño e, para evitar problemas nos servidores de correo, pódense enviar arquivos comprimidos ou utilizar servizos online de transferencia de datos tipo WeTransfer, Filemail ou similar.

Posteriormente á recepción, enviarase un correo electrónico confirmando a recepción dos documentos.

O Concello de Ortigueira poderá solicitar a presentación da documentación orixinal para a súa verificación en calquera momento do procedemento.

5 - PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección constará de 2 fases.

1ª fase.- Finalizado o prazo de recepción de traballos, un comité técnico nomeado polo Concello de Ortigueira fará unha selección dun máximo de 10 traballos de entre os recibidos e que reúnan todos os requisitos.

2ª fase.- Os traballos dos grupos seleccionados poderán ser escoitados na páxina web do Festival **a partir do luns 4 de maio**, momento no que se activará o proceso de **votacións** na páxina web



oficial www.festivaldeortigueira.com ou www.festivaldeortigueira.gal e que **finalizará o martes 19 ás 14:00 h.**

Os grupos finalistas serán determinados por un sistema de 5 votos.

Un voto sairá do sistema de votacións da páxina web do Festival, que será puntuado de 1 a 10 en relación cos votos obtidos.

Outros 4 votos procederán dun xurado composto por músicos, xornalistas musicais e promotores seleccionados polo Concello con anterioridade ao voto emitido desde a páxina web www.festivaldeortigueira.com. Cada un dos integrantes do xurado cualificará aos grupos cunha puntuación de 0 a 10.

A puntuación final de cada grupo será a suma de todas as puntuacións outorgadas por cada xurado. O resultado final das votacións será público, se ben manterase o anonimato das votacións de cada membro do xurado. A estes efectos o voto na páxina web considerárase un xurado máis.

Os 3 grupos finalistas, serán anunciados na páxina web entre o 19 e o 22 de maio do 2026. Desde a elección dos finalistas ata a celebración do Festival, realizarase a promoción dos grupos finalistas a través da publicación dos seus temas, entrevistas, vídeos, ou aquel material do que dispoñan ou xeren neste tempo nos perfís oficiais do Festival en redes sociais, así como na web www.festivaldeortigueira.com.

Os 3 grupos finalistas actuarán no Festival do ano 2026. Cada grupo disporá de corenta (40) minutos de actuación o xoves 9 de xullo.

O gañador da edición de 2026 contará con dúas actuacións baixo o marco do Festival. A primeira, no Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira en xullo do 2027 e percibirá un caché de 3.000€, IVE incluído.

A segunda, no marco das Xornadas Medievais do Ayuntamiento de Cortegana (Huelva) no mes de agosto do 2026, con gastos de desprazamento e aloxamento cubertos en concepto de dietas.

O xurado poderá non propoñer a ningún grupo se estima que non cumpren uns mínimos de calidade artística e musical.

6 - CACHÉ DE PARTICIPACIÓN

A participación no proxecto é de balde.

Os 3 grupos finalistas do ano 2026 actuarán no Festival e recibirán un caché de 2.000 €, IVE incluído.

A contratación das bandas finalistas queda, en todo caso, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

Para o mencionado cobro deberán facilitar o certificado de conta bancaria e emitir a factura correspondente, que debe reunir os requisitos solicitados pola lexislación española. Así mesmo o Concello poderá esixirlles a formalización dun contrato artístico. A tramitación de dita factura realizarse **EXCLUSIVAMENTE** a través da sede electrónica FACE (Punto Xeral de Entrega de Facturas Electrónicas, <https://face.gob.es/es>). Para o cal, o Concello de Ortigueira facilitará as pautas necesarias para a súa correcta presentación, recomendando que esta xestión, en caso de carecer de certificado electrónico vixente en España, sexa realizada a través dunha axencia de representación e/ou mánager con sede en España.



Para o desenvolvemento da actuación, os grupos non poderán esixir a presenza do seu técnico de son, xa que todos os grupos terán os/as técnicos/as de son xerais do Festival.

O Concello de Ortigueira non aboará nin pagará aos grupos ningún gasto máis aló do caché correspondente.

Os compromisos económicos quedan condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar ditas contratacións.

7 - CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

O Concello porá a disposición dos grupos finalistas o equipo de son e o *backline* que sexa posible. Non serán responsabilidade da organización instrumentos e accesorios específicos que se poidan necesitar para o concerto.

Todo o proceso de selección será inapelable.

A organización reserva a posibilidade de volver abrir outro prazo de presentación de solicitudes no caso de que se considere oportuno ou declarar deserto o proxecto.

A participación neste proxecto implica a aceptación das presentes normas na súa totalidade.

8 - AUTORIZACIÓNS

O grupo ou representante autorizado, polo feito de participar neste proxecto, acepta expresamente estas normas, autorizando ao Concello de Ortigueira á comunicación pública e totalmente gratuíta para a organización dos traballos presentados, e da gravación audiovisual do concerto que se celebre. Inclúese nesta autorización calquera posterior distribución pública de balde, que contribúa á difusión do *Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira*.

Os grupos actúantes no escenario ceden os seus dereitos de imaxe e de distribución ao Concello de Ortigueira, en todo o relacionado co *Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira*.

9. EMPREGO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A xeración de pistas de audio, tanto vocal como musicalmente, a través de ferramentas de intelixencia artificial suporá a eliminación inmediata do Concurso de Runas. O Concello de Ortigueira resérvase o dereito de analizar e verificar a autenticidade das pistas presentadas para detectar contido xerado por intelixencia artificial.

En caso de que se detecten irregularidades, solicitarase á candidatura mostrase de audio adicionais, gravacións en bruto ou calquera outro material que acredite a autenticidade da interpretación. Se a candidatura non pode proporcionar probas suficientes de que a gravación é xenuína e realizada sen o uso de IA, a organización resérvase o dereito de descualificala de maneira inmediata e definitiva.

10 - CLÁUSULA FINAL

Todos os aspectos que non estean contemplados nestas normas serán resoltos polos órganos competentes do Concello de Ortigueira.

O feito de participar supón a aceptación expresa de todas e cada unha das cláusulas destas normas.



As normas oficiais son as publicadas en castelán e galego, linguas oficiais de Galicia, polo que en caso de dúbida prevalecerán estas versións. En todo caso, a versión en galego terá prioridade sobre a de castelán en caso de discrepancias.

Todos os participantes quedan sometidos á lexislación fiscal e tributaria existente en cada momento, tanto para persoas xurídicas como para persoas físicas, podendo ser aplicadas retencións de impostos se procede.

En Ortigueira, a 27 de marzo de 2026,

Asinado, o Alcalde.



CONCURSO RUNAS 2026
FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

ANEXO 1:
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO RUNAS 2026

A SOLICITUDE DEBE COMPLETARSE EN MAIÚSCULAS

Os abaixo asinantes, membros do grupo musical denominado _____
_____ da
comunidade autónoma (cubrir grupos de España) de _____ do país
_____ **SOLICITAN** participar no Concurso Runas 2026, do *Festival*
Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, e **DECLARAN:**

1.- Que o grupo musical _____ está
formado por _____ persoas, e cuxos datos son os seguintes:

NOME		DNI	
DOMICILIO			
LOCALIDA DE		PROVINCIA	CP

NOME		DNI	
DOMICILIO			
LOCALIDA DE		PROVINCIA	CP

NOMBRE		DNI	
DOMICILIO			
LOCALIDA DE		PROVINCIA	CP

NOME		DNI	
DOMICILIO			
LOCALIDA DE		PROVINCIA	CP

NOME		DNI	
DOMICILIO			
LOCALIDA DE		PROVINCIA	CP



NOME				DNI	
DOMICILIO					
LOCALIDA DE		PROVINCIA		CP	

NOME				DNI	
DOMICILIO					
LOCALIDA DE		PROVINCIA		CP	

NOME				DNI	
DOMICILIO					
LOCALIDAD E		PROVINCIA		CP	

NOME				DNI	
DOMICILIO					
LOCALIDA DE		PROVINCIA		CP	

NOME				DNI	
DOMICILIO					
LOCALIDA DE		PROVINCIA		CP	

2.- Que dispoñen dun repertorio mínimo de 40 minutos.

3.- Que non se tiveron clasificado para a final do Concurso Runas 2025.

4.- Que ceden os dereitos artísticos e musicais ao Concello de Ortigueira, para poder desenvolver a súa participación, que teñen contrato coa empresa _____ e que baixo a súa responsabilidade fan esta cesión de dereitos.

5.- Sinalar o que proceda:

Que declaran non pertencer a ningunha sociedade de xestión de dereitos de autor.

Que pertencen á entidade de xestión de dereitos de autor denominada:

6.- Que aportan a seguinte documentación:

- Solicitud de participación no concurso cos datos cubertos (ANEXO 1).



- Documento de relación de temas musicais e autores (ANEXO 2).
- Arquivos dixitais dos temas musicais, cos requirimentos que sinalan estas bases.
- Dossier informativo do grupo e dos seus compoñentes.
- Fotografías actualizadas do grupo.
- Documento Nacional de Identidade ou pasaporte de cada un dos compoñentes.
- CIF, se procede.

7.- Que o representante do grupo para todos os aspectos relacionados co concurso é:

D/DÑA/ EMPRESA	
CON DNI/CIF	
CON DIRECCIÓN	
TELÉFONO 1	
TELÉFONO 2	
EMAIL	
SINATURA	

**CONCURSO RUNAS 2026
FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA**

ANEXO 2: RELACIÓN DOS CATRO TEMAS MUSICAIS E OS SEUS AUTORES

A SOLICITUD DEBE COMPLETARSE EN MAIÚSCULAS

CANCIÓN 1	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 2	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 3	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 4	
AUTOR/ES	



CONCURSO RUNAS 2026



Cod. Validación: 5SKN6ZFPATPYEPW4479MNP63
Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

CONCURSO RUNAS 2026
FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA

ANEXO 2:
RELACIÓN DOS CATRO TEMAS MUSICAIS E OS SEUS AUTORES

A SOLICITUD DEBE COMPLETARSE EN MAIÚSCULAS

CANCIÓN 1	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 2	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 3	
AUTOR/ES	
CANCIÓN 4	
AUTOR/ES	

